

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 1 de agosto de 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliável mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/08/2024 13:27	Páxina 1 de 1
1888-441	CSV: ADAD58-2E81E9-294783-E4JUVV-VGC7UD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		